

## **COMUNICADO DE PRENSA**

Carballiño a 4 de xullo de 2014

### **O GRUPO DE GOBERNO DO PSOE MODIFICA O PREZO PUBLICO DO CAMPAMENTO DE VERÁN PARA IMPOÑER AOS VECIÑOS UN INGRESO TOTAL DE 120€ E GASTA 2.017€ PARA APROBALO.**

O PP pide que se desconvoque por **ABSURDO, IRRESPONSABLE, E INSENSATO**, tanto o pleno como a comisión informativa convocada para o luns. So con esa medida, o Concello aforra e os vecinos pagan o do ano pasado sen incremento algún.

Dende o PP se incide, no dito días atrás, en que, cunha interventora habilitada, esto non tería sucedido.

---

#### **TEXTO DO ESCRITO A PRESENTAR NO CONCELLO**

No ano 2013, O Concello do Carballiño, realizou un campamento de verán para unha veintena de mozos e mozas do pobo, para que poideran pasar unhs días de vacacións con actividades, sendo o primeiro ano que se realizaba, nesa ocasión en Porto do Son.

Toda vez que era o primeiro ano, creouse e fixouse un prezo público para esta actividade que foi de 70€/ rapaz e que se aprobou en Xunta de Goberno.

No seguinte ano, no 2014, tamén se realizou o campamento e fixouse un prezo público de 80 €, e foi para disfrute en Boiro, para ese incremento foi necesario pasar a súa aprobación por xunta de Goberno.

**Na actualidade existe é unha difencia, que debe de terse en conta por parte do actual grupo de goberno e que debería de ser tamén advertido pola Interventora do Concello.**

**Durante os anos 2013 e 2014, as competencias para a creación, modificación ou calqueira alteración nun prezo público, estaban delegadas dende o Pleno á Xunta de Goberno, cuestión que non sucede na actualidade pois non foron delegadas estas cometencias.**

Esta circunstancia, sempre debe de terse en conta, pois agora sucede o seguinte:

**Hoxe, no 2015 existe unha proposta do actual grupo de goberno para a mesma actividade, outra vez en Porto do Son onde pretende incrementar ese prezo público ata os 85 €/rapaz para un máximo de 24 persoas, o que fai un total de  $24 \times 5 \text{€} = 120 \text{€}$  de incremento de ingresos por este concepto que aínda non chega para cubrir o custe da actividade, tal como pasaba en anos anteriores.**

Na actualidade para a aprobación da modificación da tasa actual está convocada unha comisión informativa de facenda e pleno extraordinario cun só punto na orden do día.

Para aprobar ese incremento total de 120€, **temos o seguinte custe administrativo:**

**Custe do pleno** que se convocou con un único punto para aprobar este incremento: 14 concelleiros sen dedicación x 95 € = 1.330,00€ + 0,20€ de botella de auga e vaso o que fai 3,80€ polo que o custe do pleno é de **1333,80€** e sin custes de persoal administrativo pois é en horario matutino, senón o custe sería maior para a compensación do persoal por traballos fora de horario.

**Custe da comisión informativa** que se terá antes do pleno: 9 concelleiros x 76€ = **684€**

Polo que o **custe total para a modificación do prezo é de 2.017,80€, custe moi superior ao que se pretende incrementar o prezo público (120€), e que ademáis pasaría a engordar o custe da actividade para o concello nun 73%**

En resumidas contas, os veciños e veciñas, deben de saber, que o actual equipo de goberno non só pretende impor un aumento de 120€ (5 euros por persoa o prezo público do servizo), senón que ademáis meten ao Concello nun gasto de 2.017,80 €

**Cando resultaba moito mais fácil, coherente, práctico e sensato, manter o prezo actual que ven do ano pasado de 80€/persoa e así non ten que convocar pleno ningún, pois SE DUN ANO PARA OUTRO NON SE MODIFICA UN PREZO PÚBLICO NON É NECESARIO PASALO POR NINGÚN DOS ORGANOS MUNICIPAIS.** Isto que é de libro, débeo saber todo aquel que se dedique á política local en responsabilidades de goberno, e como non, tamén dicir que deben de ser asesorados nesta materia polo servcio de intervención, o cal, ratifica o noso manifesto destes días de que a intervención debe de ser feita por interventor ou interventora habilitado nacional, canto antes, e non por licenciado en Historia.

Tendo en conta que existe unha comisión informativa e pleno extraordinario previsto, e que se incorporan un punto na orden do día, que é a aprobación do prezo público para o campamento de verán, e co fin de evitar este despropósito:

**É POLO QUE SE SOLICITA,**


PRIMERO: Se proceda de forma inmediata á anulación da convocatoria da comisión informativa de facenda prevista para o luns día 6 as 11,30 horas.

SEGUNDO: Se proceda de forma inmediata á anulación da convocatoria do Pleno extraordinario previsto para o luns día 6 as 12,00 horas.

Sen outro particular, en O Carballiño a 4 de xullo de 2015.

Asdo.: Argimiro Marnotes Fernández

Portavoz do Partido Popular no Concello do Carballiño



**A ATENCION DO SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO DO CARBALLIÑO**